

ÁLVARO CUNQUEIRO E ANTONIO ODRIozOLA

Luís Cochón

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en
Humanidades

doi:10.17075/mucnoc.2014.010



I

Debín coñecer a Odriozola en sexto de bacharelato, na biblioteca pública de Pontevedra, que estaba entón na planta baixa, á esquerda ao entrar no propio Instituto laico na cidade. Alí mesmo tiña montada Odriozola unha exposición de libros de Moratín, por algunha efeméride (o segundo centenario). Aínda me tocou ler un texto escolmado.

A calva xa medrada, bigote polo medio do labio, a barba ben cerrada, voz de tenor, por veces algo afrautada, os ollos que estaban en todo, cuns lentes seus que tiña que quitar cando lía. Era desa xente que está ben segura do que di, porque se movía de aquí para aló sabendo o que buscaba, dun libro a outro, sen paraxe, e apurado sempre. É a miña imaxe primeira e sucesiva de Antonio Odriozola. Naquela Boa Vila e ao final dos cincuenta, era dos que se movían. Se cadra, porque estaba en todo en que hai que estar, que non era moito, nunha cidade atrancada e provincial¹.

II

O de Cunqueiro foi despois. Nun acto público cultural, onde andaba Telito Landín, e no que eu tiven que formularlle algunas preguntas, e algunha intemperanza que outra: -Señor Cunqueiro, teño aquí a *Segunda Antoloxía* de Juan Ramón. Leo:


«Se paraba la rueda de la noche»
pero tamén leo un verso seu:
«Parábase cristaíña a roda da noite»

Tradición ou plaxio? Foi a miña pregunta segundo o *dictum* orsiano.

1 O meu agradecemento ao Museo Provincial de Pontevedra e ás señoras Ana Barbazán Iglesias (Bibliotecaria) e a María Xesús Fortes Alén (Arquiveira), que me atenderon, aínda en agosto, mensis non, con eficiencia e xentileza. Tamén á doutoranda Lorena Domínguez Mallo, polas mesmas razóns.

Cunqueiro non esperaba a comparación. E desconcertouse. —«De que ano é a Segunda antoloxía de Juan Ramón?» —dixo a modo de repregunta. —«Do ano 1922», tiña nas miñas mans a primeira edición.

Tiven que pasar a outra pregunta sobre a súa afección ás filloas. E entón desafogouse a gusto con toda habelencia retórica, e culta —pero falaz—, para rematar coa perfección da filloa de sangue de porco, e o punto de rosado, que non podía ser outro senón a cor e o matiz que teñen as pernas espléndidas da raíña de Saba, na súa visita a Salomón, no mural de Piero della Francesca. Argumento de toda convicción, se non fose porque no tal mural non aparecen as tales reais pernas. (Recordo terlle lido máis tarde, nun artigo, a argumentación *contrario sensu*, do que non dixo aquel día en Pontevedra, ao que eu non souben retrucar daquela).



III

Máis importancia ten como eles se coñeceron, Álvaro e Antonio, no Madrid do 41-42 na rúa de Larra, redacción de *Arriba* que entón ocupaba o antigo edificio de «O Sol» para máis inri. Foron presentados por Pedro Mourlane Michelena (o de: «sin vino no hay cocina, y sin cocina no hay salvación, ni en este mundo ni en el otro»). Os tres, xentes de faladoiro e de viño e de noite. Podemos dar testemuños abondosos, pero non tan memoriosos, dos amigos que se quixeron memo-

rialistas: Assía, J. L. Varela, Fraga, Borobó, Torrente, Caro Baroja. Deste último, non podo máis que poñer áínda algunas palabras certas sobre Cunqueiro:

Uno de sus contertulios preferidos era cierto periodista y escritor que, después de haber ocupado cargos importantes con Franco, había sido relegado a causa de su absurdo desorden económico. Era éste un hombre alto, con gafas, sonriente, de mirada un poco absorta, que se sentía discípulo de Valle-Inclán y amante, como él, de una Galicia medieval, llena de abades, caballeros, hadas y hechiceras. Y en uno de aquellos figones madrileños y en aquella época de hambre colectiva, caído ya en el surco de los vencidos, se deleitaba contando historias fantásticas y haciendo gala de los privilegios nobiliarios que le correspondían como herencia, uno de los cuales me acuerdo que era el de poder entrar bajo palio en la catedral de Mondoñedo en fecha señalada. Pero a lo mejor, en un inciso, descendiendo de la Galicia feudal a un Madrid plebeyo y cochambroso, se dirigía a Astorga y preguntaba: «Oye, Juan, ¿puedes prestarme cinco pesetas?». Y esta pregunta servía para desarrollar una serie de reflexiones del uno y del otro, que se interrumpían por un traslado común a otra tabernilla o por la petición de una botella más de blanco o de tinto. (Caro Baroja, 1972).

Nótese que non se cita ao noso escritor, pero o retrato non ten perda, era xa un relegado, caído «en el turco de los vencidos», extemporáneo e anacrónico, fóra de lugar, como se vivise noutro mundo, e non no agora «plebeo e cochambroso», moi lonxe aqueles privilexios de antano, a fame colectiva de hogano. Con todo, é a de Caro unha recordación cariñosa, mesturada de afecto e áínda de confianza no talento do escritor, que xa caído, volve ser dos nosos, por iso mesmo. É a primeira vez, pola probidade de Caro, que Cunqueiro recibe a consideración de vencido.

IV

Tenme contado Odriozola —máis dunha vez— o primeiro encontro madrileño, con Julio Caro, nunha librería de vello ou anticuario, acabada a guerra, porque Antonio se vestía áínda con uniforme de soldado (Caro librara por problemas de constitución orgánica, igual que Cunqueiro). Miráronse, ata que Antonio se achegou: —Julio, porque tú eres Julio. —Claro. —¿No me habías reconocido? —Claro que sí, pero en estos días menguados no sabe uno con quién puede hablar

y con quién no. [Poden ser modelo estas poucas palabras do que os franceses chamaron *l'ere du soupçon*, o tempo do receo, áinda entre amigos de vello, que nos levaría, por anos, a percorrer camiños de incerteza irresolutos].

V

A don Julio Caro Baroja coñecino en Pontevedra. Un cativo cicerone polas rúas da cidade. —¿Por qué algunas ventanas giran hacia fuera y otras se abren para dentro? Acórdome que algún debuxo fixo durante o paseo de horas, a modo de apuntamento ou bosquexo. No Ateneo, presentouno Filgueira, un discurso medido, exacto, brillante e ata solemne. Lémbrome da cara de don Julio dicindo: «Esta ocasión me recuerda a aquel escritor que le pidió a mi tío Pío un prólogo para una novela suya. —Don Pío, un prólogo modesto, corto y mal hecho si puede ser. No sea que el prólogo se me coma el libro».

Ante as erudicións de Filgueira e a brillantez discursiva, don Julio tivo que admitir que o prólogo lle chafara a conferencia. Caro Baroja era un sabio, raramente orador de tribuna. Foi raro que non estivese Cunqueiro alí. Paréceme que o día seguinte, Caro, convidado por Millán, foi a Vigo en taxi para coñecer a biblioteca da Fundación Penzol. Foi na biblioteca, pola mañá, onde Cunqueiro e Caro se atoparon. Seguramente estaría tamén, se lle deron permiso, o burócrata Odriozola funcionario, tan unido como presidente dalgunha das comisións ateñísticas, a sección IV. Aquel Ateneo pontevedrés que desenvolveu durante anos, 65-68, o ciclo de conferencias: «Cen anos de ideas sociais. De Carlos Marx a Xoán XXIII». Algunha das conferencias ou algúns dos conferenciantes deron ben que falar.

VI

Paréceme que está por facer a biografía de Cunqueiro. Temos meritorias achegas (Armesto) feitas por mans amigas, por veces *ex abundantia cordis*. En suma, sabemos de Cunqueiro o que Cunqueiro quería que se soubese del, se cadra repetitivo, áinda que algunhas cousas e episodios van sabéndose cando se achegan

documentos ou papeis (Franco Grande). Pero non vaia ser o caso de que tales documentos oficiais sexan falsos de toda falsidade. Cunqueiro nunca estivo na fronte nin foi ferido de guerra, nin en ningunha batalla, nin alférez provisional. Cando foi requirido polo concello de Mondoñedo á hora das quintas, foi declarado inútil total por estreito de peito. As glorias de Álvaro non proceden da milicia.

Etapas houbo das que non quería falar: todo aquilo que tivo que ver co seu compromiso político co franquismo e co falanxismo ou como intelectual orgánico do Régime en postos de certa relevancia na prensa e na propaganda. Tampouco falou das súas demasiadas madrileñas e doutras inclemencias e fantasías que non pudo contar. Non sexa tampouco que as anécdotas acaben por abafar a persoa, tal como sucedeu co seu parente Valle-Inclán. «A maioría desas anécdotas son falsas» puido dicir co mesmo ton escéptico que o dixo: «nunca tiven amo». Habería que distinguir que fantasías son da súa propia colleita para inventarse Cunqueiro a si mesmo como personaxe e cales outras son simples lendas urbanas que foron construíndo —rostro e máscara— aquel individuo que se enleou tantas veces, para resultar aquel alguacil alguacilado (ou enalguacilado).

Como se pode dicir: «Eu nunca fun franquista». Que é moito dicir e engadir: «Fun escéptico ante el desde o primeiro día».

Tivo, ou non, acceso ao Pardo, cando a garda de Franco e a garda mora ata o saudaban como home de recoñecida confianza naturalmente. Sentouse Cunqueiro reiteradamente —durante algúñ tempo— na mesa de Franco a xantar porque ao Caudillo lle facían graza as historias e dicires cos que o poeta adobaba o *postpranzo*?

Sería grave —e sen ningunha graza— velo convertido en bufón do Xeneralísimo, por mediación de Eugenio Montes.

Non direi máis, por hoxe.

VII

En abril do 73, o embaixador de España en Londres, Fraga Iribarne, montou unha semana de cultura na propia embaixada, con varias conferencias. Para culminar a semana, convidou a Cunqueiro, vello amigo. Daquela andaba eu preparando un traballo sobre o de Mondoñedo; levabamos case un ano reunín-


donos na súa casa de Vigo os mércores pola tarde. Falamos de todo, menos do traballo. —O próximo día non veñas, que me vou a Londres. Contoume despois como fora aquilo. —Menos mal que estaba de secretario Fernando Morán. Na conferencia miña, ás once da mañá, eramos *sete conmigo*: algúns funcionarios e 3 ou 4 *ladies* extraviadas. O caso veu na comida conmemorativa, broche da semana, ao redor dunha enorme mesa circular para setenta ou oitenta persoas. Cos de enfrente había que falar a berros, tal Fraga fronte a Cunqueiro, sentado entre Norton e David Mackenzie. Foi este quen lle preguntou: —Onde vive vostede, Cunqueiro? —En Vigo. —Non coñezo. —Home, Vigo de Pontevedra. —Pontevedra si: témoslle os do Museo Británico (Mackenzie exercía entre 1970-4 de conservador, no mesmo departamento do famoso Painter, célebre biógrado de Proust sobre todo, pero tamén de Gide e de Chateaubriand), temos unha ferida que áinda nos proe. Precisamente Sheppard e Painter viñan de publicar unha guía de libros litúrxicos en sedes españolas, e falando dunha das sedes os británicos afirmaran, categoricamente, que non había ningún. Non pasou moito tempo sen que recibisen cumprida resposta e por goleada. Resulta que dende Pontevedra un millonario vasco, sen máis que facer senón deixar por portas o creto dos especialistas do British —que ao parecer non podía competir cos dispendios do bibliógrafo entolecido pontevedrés. Nada menos de 5 libros, incunables ou postincunables, puido describir, punto por punto, un descoñecido maniático, áinda que, como demostrou, moi competente.

Este
"DON HAMLET
E TRES PEZAS MAIS"
para David Mackenzie,
que vení a que hai de
astucia y talento nesta
inquisición. Con amistade.
Alfonso Vazquez

É entón cando Cunqueiro quere saber o nome do antagonista do British. —Eu teño moitos amigos en Pontevedra, cada pouco estou alí. Algunha persoa como a que vostede di é imposible que eu non a coñeza. —Un tal Odriozola! —Acabáramos, maior mérito tiña que ter, quen é un pobre funcionario, cun soldo case que humilde como bibliotecario. Viaxeiro impenitente de tren en tren —«siempre sobre la madera de mi vagón de tercera»— nas fins de semana, e fichando de 8 a 3 da tarde na Misión Biolóxica de Galicia.

Nada máis chegar de Londres (ida por volta, sen esas outras viaxes ou excursións das que fala Fraga que foran en anos atrás), Cunqueiro púxose a escribir un *Envés* que acababa de enviar ao *Faro* cun título moi expresivo:

British Museum, 0—Odriozola, 5



VIII

Na mesma mañá compostelá do Doutoramento Honoris Causa, dende as primeiras horas, Odriozola e quen isto di fomos montando nos expositores de Sargadelos, na Rúa Nova santiaguesa, unha exposición bibliográfica, con todo o que tiñamos á man —se cadra máis de cincuenta libros e folletos e separatas, e algunhas cubertas xerocopiadas.

Foi o primeiro acto naquela casa, que ese mesmo día se inauguraba.

O material —os libros— viaxou no meu coche dende Pontevedra. Parte era miña, parte de Antonio. Parte da miña casa de Ruibal e a outra da casa de Odriozola, en Lérez, na estrada vella que viña a Santiago, xusto diante da parada do trolebús. (Na última viaxe do día, cara ás 11 da noite, do día 7 de decembro do ano 1987, despois de asistir ao concerto da Filarmónica para o que saíron xuntos do museo Filgueira e Antonio, tomou este na parada da ponte do Burgo intra muros o trole da súa viaxe derradeira. Saíu pola porta de atrás, quixo cruzar a vía por detrás, sen ver nin oír, e foi atropelado por un coche que viña en sentido contrario. O propio condutor meteu no seu coche, levouno ao hospital, pero xa falecera no acto [disimuládeme que repare nos detalles, porque na rede aparecen versións que non se adaptaron á realidade dos feitos]).

O propio Cunqueiro prometéranos a visita á exposición bibliográfica antes de ir cara á Aula Magna da Facultade de Letras. Serían as once e media daquela mañá. Nervioso pero satisfeito e contento, con pouco tempo, algo comentou por riba, deunos os parabéns por aquela *mostriña*, saudou á xente da casa, Isaac, Chichi Campos, Cristina, marchou escopeteado.

Terminado o acto solemne —*soi dissant*—, por lle chamar algo a aquela vergonza, urdida por descerebrados (algún anda por aí e con certa presenza mediática). En todo caso, o que alí pasou nada tiña que ver con Cunqueiro, senón con Cela —por mal falado, de aí os rolos de papel hixiénico que lle tiraron. (Habería que preguntar de onde viñera a idea louca de celebrar, todo en un, a Cela e a Cunqueiro, se non fosen coñecidas as diferenzas). O pobre de Piel nunca en tal se vira [véxase Cerezales: *Pasados os anos, xa en Madrid, ó recordar eu aquellas ocorrencias súas, pregunteille, por tirarlle da lingua, se o novelista C.J. Cela, un farmacéutico de Vilafranca do Bierzo e un toureiro galego, Manuel Cela «Celita», eran tamén descendentes do Mariscal; deume a resposta absurda de que o Pardo de Cela da súa liñaxe era apelido composto e indivisible, mentres que os outros Cela eran un derivado de Celedonio*].

Álvaro liscou como puido, triste de toda tristeza no fondo da alma. Non volveu a Compostela publicamente. (Meses despois ditou unha conferencia, xa apalabrada, nun colexio maior).

IX

Na *Gran Enciclopedia Gallega, sub nomine Odriozola*, Miguel (non en Antonio que vén primeiro) trázase a liña familiar que recolle o sangue guipuscoano dos apelidos Odriozola, Egaría e Rementería; o biscaíño de Echeverría; o alavés Martínez de Zuazo, Hueto e o navarro de Pietas e Ribera.

[Na memoria de Filgueira]

Unha flor na lapela. Tanto tiña que fose premiada nun concurso ou ventureira, collida nun valado. Era a súa insignia, o seu brasón. E na man dereita un grosa e pesado cartafol negro. Dentro del unha increíble mestura, espello das variegadas xeiras do dono: o libro do trinque mercado en Seoane, as separatas adicadas por Norton, Schiavo ou os Lavaud, as fotocopias derradeiras das follas do «Breviario Compostelano» rescatadas nun «Arquivo de Protocolos», o guión dunha conferencia para a Biblioteca Nacional, unha bolsiña de cogumelos, outra cos ósos para os canciños que criaba en Lérez... Coa carga ía cara á Biblioteca, viña ó Museo, saudaba ós siareiros na que el chamou «a roita dos viños», demorábase nas rúas a falar con traballadores e con estudiosos... Chegara a Pontevedra hai corenta e catro anos [1943], chamado polo seu irmán Miguel, enxeñeiro agrónomo, investigador de xenética animal, autor de valiosas obras [...]. Viñera á Misión Biolóxica de Galicia no ano 1929, á par de Gallástequi, e casara en Pontevedra, por certo cunha parenta miña, Mercedes Lino. Foi na voda onde coñecín a Antonio e ó pai deles, un home esgrevio (Dicía María Mendoza: «Son de proscenio»).

Os dous irmáns naceran na «Granja Modelo» de Vitoria. Antonio no ano 1911. Anque estudiou Dereito e foi Bibliotecario da «Misión» nunca lle perdera a lei ás cencias da natureza, nas que fora iniciado de neno e que deron base o seu método de traballo bibliográfico. A el responde a «invención» das identificacións da «letrería» dos incunables.

Nesa liña están os traballos e os cursos de Botánica, as campañas sobre as setas comestibles, sobre floricultura e sobre todo, o fervor pola camelia na promoción de festas e mostras da «flor das Rías».

Outra liña, a da musicoloxía. Chegou a ser toda unha autoridade no coñecemento das gravacións, desde o inicio do LP. Organizou exposicións sobre Salazar, Mozart, Bartok, Stravinski...

Os seus saberes bibliográficos abranguen desde os Libros Litúrxicos, e as impresións castelás do XVI, á imprenta galega de tódolos tempos e ás minucias familiares dos talleres pontevedreses. Fiable sempre, era escoitado e consultado polos máis prestixiosos especialistas. Coido que ningún coñeceu mellor as edicións de Valle Inclán. Na mocidade vivira o ambiente da «Resi» e fixera amizade cos escritores mozos da preguerra, sobre todo coa rolda de «El Gallo Crisis», Sijé, Miguel Hernández, e coa de «Cruz y Raya».

Home de universal cultura, levaba dentro o «blusa» alavesa. Unha vez ó ano, o día trinta e un de xullo, axuntaba ós amigos de xenia euskérica. [...]

Perdera oído. Refugaba o uso do audífono. Quizais por iso, non escoitou o auto que lle viña enriba, mesmo á porta da súa casiña de Pedra Picada [en Lérez].

O cadaleito entrou no Museo ás doce do día oito do mes de Nadal. Era a mesma hora en que el chegaba sempre traendo insólitas novas, maximando mostras no Museo ou edicións dos Bibliófilos Galegos que presidía, ganoso de dar resposta ás nosas preguntas. Agora terá xa tódalas respuestas no Alén. (Xosé Filgueira Valverde, «Antonio Odriozola, *VIII Adral*, 1994, pp. 244-245).

X

Luis de Pablo a Odriozola desde Madrid

(9 agosto 66)

Mi querido Antonio:

Sólo unas palabras para decirte lo mucho que te he agradecido el envío y lo que has escrito sobre mí. De veras que no sé cómo agradecerle el desvelo y los elogios que has volcado en el tiempo que citas con nosotros y después. Espero poder corresponder pronto de alguna manera.

El 15 me largo a Alemania y Francia, a seguir incordiando con las corcheas. Ya te escribiré lo que vaya ocurriendo.

Saluda a los amigos comunes. Para ti, con mi [intenso] agradecimiento, un cordial abrazo
Luis
Pd. ¡Y enhorabuena anticipada por el casorio!

XI

De Camelias

Yo me pregunto si la camelia va a ser
nuestra flor compañera. (Cunqueiro)

Con motivo de haberse celebrado días pasados en Pontevedra el VII Concurso-Exposición Internacional de la Camelia, Antonio Odriozola, hombre de raras sabidurías, ha tenido la gentileza de enviarle los programas de tales festejos, en cuyas páginas publican estupendos trabajos algunos escritores y el propio Odriozola. La fiesta de la camelia constituye uno de esos actos que solo ejecutan los pueblos en los que la civilización se ha apurado el límite. Cuando en un país se sabe el número exacto de pipas de vino que recoge cada cosechero y nos revelan, no en las oficinas estatales, sino en la taberna el número de árboles que verdean en cada vaguada, es que se alcanzó una categoría socrática, puesto que cepas y árboles provocan comentarios y glosas. Camelia más o camelia menos, se conoce la cantidad justa de estos arbustos. Odriozola ha de recordarnos que en las orillas del Sor, ya iniciada la ría del Barquero, está la reserva natural más rica en camelias de Europa: once mil ejemplares viven allí magníficamente, entre plantas antiguas y esquejes crecidos. (ERO, pseudónimo do columnista Álvaro Ruibal, *La Vanguardia*, 23-III-1971, p. 31).

XII

Pontevedra 22 de Febrero de 1971

Querido Alvaro:

Ante todo muchas gracias por tu rápida traducción de «As dez virtudes da camelia» que recibí a su tiempo. No te he puesto antes unas líneas porque esperaba poder darte noticias seguras. Ahora, desgraciadamente, es un hecho que el Museo no editara

el folleto que yo habia preparado PEQUEÑA ANTOLOGIA DE LA CAMELIA con esos textos y otros de la Pardo Bazan, Jose de Selgas (en 1849), Fernandez Florez, Murguia, Ortega de Munilla, Frutos y no se que mas ademas de *El cortejo de la camelia* de Filgueira. Lo siento tambien por haberte hecho tomar el trabajo. Pero puede no ser totalmente en balde y te sugiero la publicación el Domingo 28 de una pagina con una antología abreviada en la que irian: As dez virtudes da camelia

Tankas xaponeses da camelia (si es que el espacio da de si)
La camelia y la violeta, una simpatica cursilada de un viveriense
un trozo de Doña Emilia, bien visto el paisaje
un trozo de Valle-Inclan (el unico en que cita la camelia)
la poesia de Garcia Lorca
un trozo de E. Blanco Amor
La camelia y yo te lo agradecemos mucho, si te das maña para que vaya bien compuesto y algo ilustrado.

Hasta pronto un abrazo de
No te olvides de los tipos gallegos.

XIII

Adoita aludirse un tanto despectivamente á nosa humilde condición de ordenadores do detalle material sobre libros de pura creación e de rango moi elevado, e entón vénme ao recordo a frase más entrañable e cordial que sobre nós se leva dito e é a de Gregorio Marañón cando ao referirse a determinados cambios que introducira na nova edición dun dos seus libros², apuntaba:

«Son trafegos sen importancia; pero os autores, euforicamente, cren que canto se refire aos seus libros debe ser explicado; e, ademais, están, ou supoñemos que están, vixiando os bibliófilos, que destas cousas leves se ocupan; e non hai por que levarllles a contraria». [...] Con frecuencia preguntáronme ¿por que fas discografías ou bibliografías de Prokofiev, de

2 Na 4ª edición de *Tiempo viejo y tiempo nuevo* (Madrid, 1947), con relación ás anteriores.

Strawinsky, de Valle-Inclán, de Miguel Hernández? E a resposta lóxica é que me parece a única maneira que presumo ao meu alcance de render un pequeno tributo de admiración a esas grandes figuras. [...]

Recordo aquela deliciosa mañán de Mondoñedo, lendo Álvaro publicamente anacos dos seus *Tesouros* e a Francisco del Riego trazando o seu bosquexo biográfico; recordo as miñas numerosas pero breves visitas posteriores á redacción do periódico; non é gran cousa, pero pouco fai falta para aprender a estimar entrañablemente a persoa que prodiga como poucos o don da súa amizade. Era inevitable que se me ocorrese reparar o mesquiño comportamento que ata agora tivo co gran literato galego esa técnica auxiliar que é a bibliografía.

Co tempo, aspiro a trazar unha bibliografía detallada de Cunqueiro [...], pero, de momento, limitareime á sumaria lista que segue, e que comprende unha parte das obras independentes que normalmente adoita incluírse nunha bibliografía (con dúas seccións, A) e B) para galego e castelán) e outra parte rotulada C) que recolle algunas das publicacións miúdas, edicións privadas, follas soltas, separatas, etc. Esta parte será, naturalmente, incompleta, mentres os apartados anteriores pretenden ser tan completos como acada o meu coñecemento.

Coa súa habitual benevolencia, o autor aseguroume que a listaxe estaba ben e non ousei insistir na miña petición de datos, pois pareceu que asomaba á súa cara un compunxido xesto de home indefenso ante «burócrata de ventanilla». ¡E iso non! Prefiro que se deteriore o meu posible prestixio bibliográfico, que perder a preciada amizade de Álvaro. (Odriozola, 1969).


XIV

David Mackenzie ocupa un cargo importante en el Museo Británico. Cuando yo me encontré con Mackenzie en Londres, en abril pasado, después de los sólidos saludos, me preguntó por Antonio Odriozola, el bibliotecario de la Misión Biológica de Galicia. —No entiendo nada, me decía Mackenzie. Yo salgo a comprar libros raros y curiosos para el Museo, y las más de las veces regreso con las manos vacías. Sale Antonio Odriozola, a quien admiro sin conocerle, y va a Albacete o

a Vinaroz, y regresa con noticias de tres o cuatro incunables segovianos. Mackenzie paladeaba los hallazgos de Odriozola como propios, los saboreaba como bibliófilo, pero en sus palabras se percibía una sombra de envidia. Días pasados, la Delegación de Información y Turismo de Pontevedra, al frente de la cual está hoy alguien de tan fina sensibilidad como Rafael Landín, organizó una exposición bibliográfica gastronómica. Odriozola fue el encargado de buscar los libros y folletos que allí se expusieron, y a mí todavía hoy me parece imposible que se haya logrado reunir, en breves días, todo lo que allí el curioso visitante pudo ver. Esta actividad de Odriozola ronda el milagro. Y creo que hay que sacar a la luz esta increíble búsqueda suya, esta inconcebible capacidad de hallazgo, trátese de una exposición bibliográfica gastronómica, o barojiana, o de lo que sea. Siempre Odriozola hallará los libros y los folletos imposibles. Me cabe la satisfacción de haber logrado que Mackenzie y Odriozola establezcan relación epistolar. Me gustará estar presente en su primer tête á tête, y ojalá viajando juntos, a Ponferrada o a Espinosa de los Monteros, encuentren el ejemplar único del libro más perdido de todos los que salieron a finales del xv de las prensas hispánicas. Tengo la seguridad de que Odriozola le hará un largo y elegante paseo a Mackenzie, para que sea éste, al fin escocés forastero, el que marque el gol.

CUNQUEIRO

(«De la ballena y otras nuevas», en «El envés», *Faro de Vigo*, 7-IX-1973).



XV

Palabras á fronte de *Xente de aquí e de acolá*, Galaxia, 1^a edición, agosto 1971.
(A tradución castelá é *La otra gente*, Taber, Barcelona, coa mesma dedicatoria).

Os meus amigos Antonio Odriozola e Francisco F. Del Riego recolleron moitos dos «retratos» que componen iste libro, e que andaban dispersos por xornais e revistas. Sin a súa axuda, a colleita, e tamén sí a escolma, non houberan sido posibles. Por iso quero que figuren eiquí os nomes de delambos, aos que dou as gracias e a quenes adico este fato de invencións.

XVI

A ningún outro estudoso admirou tanto Odriozola como a don Antonio Rodríguez-Moñino, bibliógrafo fóra do común. As relacións entre eles veñen de lonxe. Nunha recensión de Moñino, publicada na *Revista de Filología Española*, 1934, sobre o traballo de Odriozola sobre o impresor bilbaíno Matías Mares, apunta o mestre cousas que «atestiguan en su joven autor felices disposiciones para éste, un poco árido, género de estudios». Por instigación de Moñino saíu (Odriozola, 1947) «La caracola del Bibliófilo Nebrisense: extracto seco de la bibliografía de Nebrija en los siglos xv y xvi», na *Revista de Bibliografía Nacional* (hai tirada á parte de 100 exemplares baixo a epígrafe, tamén, «o La casa a cuestas indispensable al amigo de Nebrija para navegar por el proceloso mar de sus obras», subtítulo este moi da casa Odriozola, que se presenta como «humilde monaguillo del culto nebrisense»).

En toda visita a Madrid, non deixaba de achegarse ao faladoiro de Moñino no «Lyon d'Or» (20 anos despois coida Odriozola ter coñecido nese faladoiro, en 1958, a F. J. Norton, de quen sería amigo íntimo ata a morte, pero será o británico o que lle recorde que foi na antesala da Biblioteca Nacional o seu primeiro encontro). No epistolario, temos mostras abondas da relación afectuosa e esixente que levaban. Vallen como botón estas:

Pontevedra 1 de junio de 1966

xxxxxxx

Sr. D. Antonio Rodriguez Moñino
Núñez de Arce 11
Madrid 12

Mi querido amigo:

Recibo su carta del 28 y le agradezco mucho se acordase de remitir mi primer articulo a Rubia Barcia. Ya han salido 2 mas y creo que mañana aparecera el 4º que ya he entregado y espero seguiran otros dos. Como me dice Ud que esta en contacto con RB le ruego me haga conocer sus señas para escribirle directamente y enviarle todos los articulos, pues supongo le gustaran. Tambien quisiera pedirle si puede proporcionarme un ejemplar de su libro. En Madrid mis gestiones fueron infructuosas y una de las Librerias mas famosas de Cambridge (*sic* por Oxford) me contesta que esta agotado, como vera por la nota adjunta que le ruego me devuelva. Con tal motivo me atrevo a pedirle me prolongue Ud el prestamo de su ejemplar hasta ver si puedo conseguir uno.

Un cordial saludo de su buen amigo

Pontevedra 24 de Junio de 1970 (extracto)

F.J. Norton Esq.
University Library
Cambridge

Mi querido amigo:

Llego su carta del 11 de mayo con abundantes noticias, devoluciones y xerox y posteriormente la Separata de *Reliquias de Yuste*; no se preocupe por los pequeños deterioros de esta. Siento que las noticias que yo le de sean desagradables. La mas triste la defuncion de nuestro comun amigo Moñino aunque las noticias sobre el desde hace tiempo eran pesimistas sobre su salud. Como Ud y yo sabemos perfectamente la extraordinaria valia del mejor (por no decir el unico bibliografo en España a la altura de su cometido) no necesito decirle la pena que me produjo la noticia. Le adjunto un recorte de periódico.

XVII

[Addendum]

Pontevedra 28 Noviembre 1977 (extracto de carta)

E.J. Norton Esq.
University Library
25 Causewayside
Cambridge, Great Britain

Mi querido amigo:

Sin respuesta a mi carta de 5 de Octubre, le pongo estas líneas principalmente para hacerle llegar mi sentimiento por la triste noticia del fallecimiento del amigo Wilson que he sentido mucho y que Ud seguramente habrá sentido con gran intensidad. Aunque no era mucha la relación mantenida con él, en la tertulia de Moñino, recuerdo que se había ofrecido amablemente en alguna ocasión para proporcionar datos de algún libro de su Colegio. Y ahora noticias brocianas, pero anteriores al periodo suyo: en primer lugar le dire que el Misal y el Ordinario Lucense que Ud considera en Printing in Spain meramente como *posibles* (may also have been) pienso que deben darse como *probables* o *seguras* impresiones de Brocar, teniendo en cuenta que es el propio Brocar quien presenta y entrega un ejemplar de cada una al Cabildo de Mondoñedo, «como muestra». En segundo lugar que mis dudas de que Brocar hubiese llegado a imprimir realmente el Misal y Ordinario Mindoniense, han quedado totalmente disipadas. En visita pastoral [del año 1510] a varias Iglesias de la diócesis se habla en varios casos de Misales y Manuales «novos» en contraposición a otros casos en que se habla de «viejos» y en alguna iglesia se precisa «de molde».


XVIII

O incunable de Mondoñedo

É sen dúbida, o máis sorprendente e estranxo de todos os incunables de Galicia. Confeso que aínda non conseguín adaptarme á súa existencia, aínda que

dispoño dunha xerocopia das súas 58 follas tomadas do exemplar único que se encontra na Biblioteca Pública de Évora.

En primeiro lugar, ten un colofón absolutamente singular entre todos os incunables que coñezo, pois dos tres datos fundamentais que pode dar (lugar de impresión, nome do impresor e data en que se concluíu aquela), o normal adoita ser que conteña os tres datos ou que non exista colofón; con menor frecuencia, que só figuren dous dos datos (por exemplo, impreso en Salamanca en 1498, impresión de Zamora por Antonio de Centenera ou impreso por Fradique de Basilea en 1496), e en contadas ocasións que só conste unha das indicacións, a do nome do impresor ou a data, pero rarisimamente o nome da poboación, coma neste caso. Non obstante, non hai dúbida de que na última liña, que di polo miúdo «En Villa mayor de Mondoñedo», apunta con toda claridade a que este é o lugar de impresión, conservando o arcaico nome usado na época medieval a pouco de trasladarse a diocese mindoniense de San Martín de Foz á actual Mondoñedo. Algunha vez comentei co inesquecible Álvaro Cunqueiro este detalle, que o intrigaba tanto coma a min. En segundo lugar, o inverosímil de que o texto do libro, unha *Breve forma de confesión* escrita en castelán polo famoso Alonso de Madrigal (*el Tostado*) cando aínda non era bispo de Ávila, sexa esta a primeira vez que se divulga pola imprenta, pois as numerosas impresións que se conservan de fins do s. xv ou primeira metade do xvi son todas posteriores. En terceiro lugar, pola súa peculiar tipografía, un tipo gótico 76 G ao que acontece o mesmo que ao *Breviario Auriense* (c. 1485-1490), que non hai maneira de identificalo con algunha outra tipografía da Península Ibérica; xa Haebler (1923) reparou na súa singularidade. Eu atópolle un certo parentesco cos tipos de Centenera en Zamora, pero non son os mesmos. E para maior misterio, esta tipografía 76 G non volve aparecer en máis impresións. En cuarto lugar, polo serodio da aparición do exemplar, xa que ata que Haebler o viu en Évora e o citou na súa *Geschichte des Spanischen Frühdruckes in Stammbaumen* (Leipzig, 1923) era totalmente descoñecido a todos os bibliógrafos de incunables e mesmo, cando anos despois o volve citar Vindel (1946), descoñece o libro alemán e cre que descobre o incunable por vez primeira. En quinto e último lugar, porque o único exemplar coñecido non se atopa en Mondoñedo nin sequera en algunha outra cidade de Galicia, senón na portuguesa de Évora, próxima a Estremadura.



XIX

Pontevedra 16 de Septiembre de 1977 (extracto)

F.J. Norton Esq.
25 Causewayside
CAMBRIDGE, Great Britain CB3 9HD
Gran Bretaña

Mi querido amigo:

Supongo que recibiria mi postal de Mondoñedo (y otra para Wilson) y posteriormente un articulo de Cunqueiro. Ahora le acompaño el texto de las 2 Cedulas de Carlos V y una hoja de intento de situar como se desarrollaron los hechos. Fue el franciscano Padre Garcia Oro quien me comunico que en Simancas habia visto unas Cedulas sobre un Breviario mindoniense y que suponia que yo ya tendria datos sobre el. Pense que se referirian al Breviario impreso por Agustin de Paz en el siglo XVI y que en vano he buscado por todas partes. Pero hace poco fui a Santiago y el Padre Oro me transcribio de viva voz las Cedulas que estaban microfilmadas entre otros documentos que tenian interes para el, comprendi que habia hecho el P. Oro un descubrimiento

sensacional y que el Breviario mindoniense de Brocar es casi seguro que se imprimiese en el año 1520 o sea dentro del periodo suyo. Aproveche el final de las vacaciones para hacer un viaje a Mondoñedo durante el cual le recorde muchísimo a Ud y las felices circunstancias del año pasado. (A.O.)

University Library,
Cambridge
15 de febreiro de 1972
Sr D. Antonio Odriozola,
Pontevedra
Mi querido amigo.

Bienvenida sea la nueva revista,
que verdaderamente hacia falta. Veré muy
agradecido una reseña hecha por Vd de Printing
in Spain ya que es Vd la persona que más sabe de
estas cosas en toda España. Me gustaría igualmente
que se traduzca el artículo de Iberotomania y que
lo haga el Dr Aguilar, por lo que me toca a mí lo
anterior y mas también se necesita la autorización
de la dirección de la revista (Redaktion Iberotomanie,
Max Huber Verlag, 8 München 13, Amalienstrasse
77-79) necesaria ver el texto antes de imprimirlo
por si hay algo que necesite amplificación o rectificación.

XX

Veno de anotar 258 cartas depositadas no Museo de Pontevedra, que representan o epistolario cruzado entre Odriozola e Frederick J. Norton, entre xaneiro do 1959 e xaneiro do 1986, un mes antes do pasamento do excepcional bibliógrafo británico. Son cartas —por veces informes— eruditísimas, claras, precisas, especiosas. Cartas libradas por dous especialistas de primeira orde con concerto das súas competencias, que viñan a ser a mesma. Asuntos sapienciais na última liña de investigación. Cartas de amigos, de compañeiros que se transmitían a chegas, observacións, datos de non fácil pescuda. Falaban dun territorio paneuropeo referíndose aos libros impresos dos séculos xv e xvi, é dicir, os que chamamos

incunables e postincunables (aínda con diversas matizacóns), en lingua latina, que seguía a ser a culta para todos, pero tamén nos distintos vulgares.

Temos diante de nós persoas, case que da mesma idade, procedentes de culturas distintas, cada unha coa súa preparación e rigorosamente académica de Norton, e máis impresionista e por libre, a súa orixe autodidacta, en Odriozola. Ambos os dous moi versados e celosos das investigacións propias, aínda que as fosen compartindo. Pasadas as primeiras cartas (de Norton) en inglés, con tratamento correcto, cortés e pouco a pouco mesmo distante (tardaran 20 anos en baixarse do vostede). O que os uniu foi a capacidade de entusiasmo, algunha vez *presque* impetuoso do noso conterráneo, tan seguro na indagación, porque sempre falaba con papeis e con libros que pasaron todos polas súas mans, con cantos sacrificios de tempo e de diñeiro. Este aspecto era unha relación asimétrica: Norton home de fortuna que lle permitiu colecciónar máis de 600 (seiscientos) incunables, mercados en toda Europa e América, ademais dunha situación laboral decentemente pagada en libras (cando viña a España, case que todos os anos, o problema non eran as libras en si, senón cantas lle permitían cambiar). Odriozola, tantas veces sen cartos, facía milagres, de tren a tren, nocturnos, durmindo de vagón en vagón, en non ter que pagar o cuarto da fonda, ou esperando, morto de frío, a que lle abrisen as bibliotecas ou museos ou igrexas. Cantos libros seus tivo que ir vendendo para continuar a busca ou para pagar as débedas contraídas con Norton? Non é verdade que a casa Sotheby's lle liquidaba 250 libras tras outra poxa dun libro —o Parkinson— de Odriozola?

XXI

Cunqueiro, Norton e Odriozola na adega do cura

A idea partira de Álvaro. Un día había levalos á reitoral dun amigo seu, crego de aldea. Dicía que tiña unha biblioteca moi xeitosa: misais, breviarios, procesionarios, manuais e moita cousa do Padre Feijoo.

E aló se foron nunha tarde de primavera, pouco antes do Corpus. Home, a biblioteca do abade, para ser de aldea, non estaba mal. Pero nada do que dixerá Álvaro. Os libros litúrxicos, os comúns. De Feijoo, algúns tomos das coleccións que tanto se venderan nos curatos solventes, de modo que hai abundancia.

Odriozola, admirador confeso do de Casdemiro, a quen estudou, non atopou nada que non soubese. Norton observaba, coma sempre, cos ollos.

O anfitrión andaba polos setenta. Aínda alto, aínda forte, tiña sona de ter de seu os viños mellores da parroquia e das veciñas. Moi obsequioso cos seus convidados, foinos levando de medio a bocoi, por toda a fustalla, servindo brancos e tintos. O máis amante, aquel polo que Cunqueiro devecía, era o tinta femia; aqueles carolinos de fino vidro que enchían un cuartillo. Álvaro e Antonio sabían o que bebían, Norton non poñía peros. Polo que quedou claro que, na tarde aquela, o mellor foi a cata e o que a acompañou. O crego que oficiaba foi pasando sen beber, ata que, chegado o empardecer, leou unha picadura da súa tabaqueira e confesou que el non bebía. Norton debeu ser o único que seguía a observar, para os ollos, o nariz e as fazulas do crego, obsequioso no seu papel de abstemio.

Chegada a hora de marchar e entrar no taxi que os esperaba, Norton tirou a conclusión: O cura díxonos varias veces que non bebía... pero non nos dixo desde cando.

Aos ollos sempre agudos de Norton, non lle podían pasar inadvertidos os estragos do gran bebedor que fora ata que tivo que quitarse de vez.

—«Pero non dixo desde cando».

XXII

O de Odriozola era vocación pura e dura, para que os señoritos do British (Sheppard e Painter) o confundisen cun millonario vasco, cabezón. Aquela súa memoria *de visu* que lle permitía gravar no cerebro calquera mínimo risco de calquera letra, romana ou gótica, ata facelo o mellor especialista en tipos de molde, nos albores da arte impresoria. Cantos anos e con tanta porfía! Que sería daquelas notiñas, moitas veces panos de papel, escritas con aquela letra infernal que nin el era quen de ler.

Por longas temporadas, semellaba apuntar cousas para o seu amigo Norton, para que este culminara. *A perspectiva catalogue*, e máis aló, os anexos ou Addenda. *A perspectiva catalogue* (Cambridge, 1978), que era unha ampliación máis de *Printing in Spain 1501-1520* (Cambridge, 1966), en tal que a súa obra más propia, de toda a súa vida, o nunca rematado «Libros litúrxicos dos séculos xv e

xvi en España e Portugal». Como se, en vida, se cansase dos rigores que fora pade-
cendo. Deu a súa obra por acabada cando, adrede, a deixou esmorecer. Ningunha das grandes obras de Odriozola chegaron á fin. Quizais pola complexidade e arco capaz para un só individuo, en solitario, coas súas propias dúbidas, co seu rigor, nunca desmentido, sen que ningunha *edición fantasma* se atrevese con el. Único e senlleiro, *rara avis*, sen máis compañía que a intuición, o acerto, o rebusco, a exactitude, a pericia, o longo traballo en anos da vida dun home: un home só.

XXIII

A SEXTA BIBLIOGRAFÍA

Con divertida e amable benevolencia acolleu Álvaro a broma do seu nomeamento como «Bibliógrafo Mayor de su Reino», pero, en realidade, e como un pequeno tributo á súa gran valía, procurei en varias ocasións trazar a súa bibliografía e agardo proseguila no futuro, pois ainda non conto con datos abondo para facer unha ao meu gusto. Esta fai a sexta das que se divulgaron, e é a más completa referida aos seus libros, sendo as anteriores as seguintes:

1^a En 1969 no tomo indicado da revista *Grial*, nº 23. [24]

2^a En 1975, realizada pra Álvaro e que este lle facilitou (supoño que xa hai tempo, pois segue « ancorada» no 1975) a Diego Martínez Torrón, e que este inclúe nas páxinas 173-175 do seu libro *La fantasía lúdica de Álvaro Cunqueiro* (A Coruña, 1980). [Tese dirixida por José Luis Varela, tan de Álvaro como rilquista].

3^a Publicada no *Faro de Vigo* o 27 de xaneiro do 1980 e reproducida no mesmo xornal o 1 de marzo deste ano, con motivo do seu pasamento.

4^a En marzo do 1981 publicada nas páxinas finais do folleto *Laude da Camelia*, nº 52 desta Bibliografía.

5^a En abril do 1981 para a revista de Santiago *Coordenadas*.

[...]

Considero que unha bibliografía total de Cunqueiro debe abranguer, polo menos, os seguintes apartados:

- I. Libros.
- II. Traducións dos seus libros.
- III. Colaboracións noutros libros.
- IV. Artigos en publicacións periódicas:
- V. Colaboracións illadas.
- VI. Colaboracións habituais.
- VII. Series consistentes.
- VIII. Entrevistas con Cunqueiro.
- IX. Traducións feitas por Cunqueiro.
- X. Varia (follas soltas, folletos, separatas, pes pra calendarios, etc.).
- XI. Traballos sobre Cunqueiro:
 - a. Libros.
 - b. Teses doutorais.
 - c. Artigos.

Nesta sexta bibliografía limiteime voluntariamente ao Capítulo 1 e un breve e parcial exame dos capítulos III e apartados b) e c) do IV. Doulle as grazas ao amigo Paco Fernández del Riego, que coa súa habitual amabilidade asumiou a tarefa de trasladar ao galego o meu breve castelán de Álava cos seus matices da Rioxa. A seguir, unhas poucas observacións sobre o Capítulo 1 que se insire a continuación: Procurei presentar este Capítulo 1 o máis completo posible, e o que non inclúa deberase ás miñas propias ignorancias e limitacións. Establecín dentro del os 8 apartados que se verán, clasificación de materias que, como todas elas, é susceptible de críticas. Dentro de cada apartado seguín unha orde cronolóxica, desde a primeira aparición de cada obra (calquera que sexa o seu idioma) e a continuación as versións noutra lingua, se as hai. Case todas as edicións que levan número foron vistas por mim, agás unhas poucas que son simples repeticións exactas de edicións anteriores. E aínda que non o fixera nas miñas anteriores bibliografías, incluín, pero sen asignarles número, aquelas edicións que se citan pero sobre cuxa existencia teño serias dúbidas. ¡Ogallá algunha persoa me ensine un exemplar e remedie a miña ignorancia! (Antonio Odriozola: «Lembranza de Álvaro Cunqueiro e unha bibliografía máis da súa obra», *Grial* 72, 1981, p. 235 e ss.).

XXIV

É seguro que as seis bibliografías de Cunqueiro que se publicaron non conformarían a aquel Odriozola, cacheirudamente ilusionado pola perfección do seu traballo. Pénsese que, no que toca á *bibliografía activa*, a de Odriozola xa era póstuma (polo menos no que fai a quinta e a sexta) e que Cunqueiro non deixou ningún inédito. Ten falado moito, fantasticamente, que tiña empezados e mesmo acabados ou a piques de rematar, polo menos, media ducia de libros que quedaron en simple invención ou imaxinación. Todos eles, e algúns máis, permanecen no limbo —se o hai— da bibliografía fantasma, apartado este co que Odriozola ten lidiado toda a vida!

É seguro tamén que o bibliógrafo, recolector sistemático de canto a Cunqueiro se referira, anotou, maniaticamente chegado o caso, calquera nova que se produciu no eido —polo menos— da bibliografía pasiva. É de esperar que, agora co fasto do centenario, esta pasividade poida verse manifestamente agrandada.

E todas as maneiras, o caso é que teremos que ordenar os *novos* libros de Cunqueiro que cambiaron de título por comienzas editoriais ou por efectos do *márketing* ou pola polionomasia que poida reverter en dereitos de autor por caducidade de tales dereitos ou determinados selos. É o caso de bastantes compilacións ou de novos ordenamentos, poñendo, aquí e acolá, o que se publicara con outro nome.

Ben está que nos vaimos achegando á obra completa, na medida en que, ainda hoxe, é obra dispersa en non sei cantos xornais, revistas, emisoras de radio ou tantas variantes que o autor prodigou en moitos amigos que tivo.

No esencial —quitando reimpresións e *novas* compilacións—, a bibliografía feita por Odriozola, sen chegar ao modelo Bowers, *Principles of Bibliographical Description* (Princeton, 1949), é correcta e minuciosa. En canto á bibliografía pasiva —non de Cunqueiro, senón sobre Cunqueiro—, hoxe en día pode ser un *ente de razón* no sentido de Tirso. O repertorio máis amplio segue a ser o de *Álvaro Cunqueiro*, coordinador Anxo Tarrío Varela, Santiago de Compostela, Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 1992 (Monografías do *Boletín Galego de Literatura*), no apartado correspondente, tan benemérito.

XXV

Bibliografía última (ou menos) de Cunqueiro

- Obra en galego completa*, Vigo, Galaxia, 1981-1991 (I. Poesía e teatro, 1981; II. Narrativa, 1982; III. Semblanzas, 1983; IV. Ensaio, 1991).
- Cocina gallega*, Madrid, Everest, 1982.
- Fábulas y leyendas de la mar*, Barcelona, Tusquets, 1982.
- Historia de una isla llamada Brenda*, Vigo, 1982.
- Obra en galego completa. II. Narrativa*, Vigo, Galaxia, 1982.
- Antología poética*, Barcelona, Plaza y Janés, 1983.
- Obra en galego completa. III. Semblanzas*, Vigo, Galaxia, 1983.
- Tesoros y otras magias*, Barcelona, Tusquets, 1984.
- Viajes imaginarios y reales*, Barcelona, Tusquets, 1986.
- Hierba aquí o allá. Herba aquí ou acolá*, Madrid, Visor Poesía, 1988.
- Los otros caminos*, Barcelona, Tusquets, 1988.
- El pasajero en Galicia*, Barcelona, Tusquets, 1989.
- A máxica da palabra: Cunqueiro na rádio*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións, 1991.
- Cunqueiro en la radio. Cada día tiene su historia y otras series: comentarios radiofónicos*, RNE, A Coruña, 1956-81, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1991.
- Flor de diversos. Escolma de poetas traducidos*, Vigo, Galaxia, 1991.
- Herba aquí ou acolá*, Vigo, Galaxia, 1991.
- La bella del dragón. De amores, sabores y fornicios*, Barcelona, Tusquets, 1991.
- Obra en galego completa. IV. Ensaio*, Vigo, Galaxia, 1991.
- Encuentros, caminos y noticias del reino de la tierra*, Santiago de Compostela, El Correo Gallego, 1992.
- O reino da chuvia. Artigos esquenados*, Lugo, Deputación Provincial, 1992.
- Papeles que fueron vidas. Crónicas literarias*, Barcelona, Tusquets, 1994.
- Álvaro Cunqueiro. 100 artigos*, A Coruña, La Voz de Galicia, 2001.
- Por el camino de las peregrinaciones y otros textos jacobeos*, Barcelona, Alba, 2004.

XXVI

Son numerosas as mencións a Cunqueiro no epistolario sostido Odriozola-Norton. A presenza de Norton en Galicia esténdese desde o ano 1960, e non houbo viaxe sen visitar a Cunqueiro, a quen o británico admira, ata tal punto que aprendeu galego para poder ler na súa lingua nativa aquelas obras do mindonense non vertidas ao castelán. Cunqueiro, sempre dadivoso, tivo finas atencións con Norton, a quen convidou a pequenas viaxes, como aquela (non tan pequena) que levou os tres a San Martiño de Foz, a Mondoñedo mesmo, non sen antes xantar en Vilaronte, casa Palmira. Foi para todos un desprazamento de grata recordación («disfrutando de la amena conversación del gran literato gallego»). Pola parte que lle tocou, Álvaro publicaría no *Faro* a crónica desta viaxe, da primeira quincena de setembro do 76. Na biblioteca nortoniana que o bibliógrafo regalou a Cambridge, varios libros de Cunqueiro dedicados por man do autor. Acórdome que cando Cunqueiro quixo procurar gravados antigos para ilustrar a edición nobre de *Tertulia de boticas prodigiosas* (o propio autor foise ao Louvre), tanto Norton como Odriozola presentáronlle diversas achegas que non se podían atopar.



Jeane Mackenzie, entre Norton e Odriozola

XXVII

[«En la muerte de F.J. Norton», por Antonio Odriozola]

El pasado 28 de febrero [de 1986] falleció en Cambridge (Gran Bretaña), Frederick J. Norton, que fue desde 1930 hasta su jubilación en 1972, destacado bibliotecario en el departamento de lenguas extranjeras de la Cambridge University Library, o sea, la importante y famosa Biblioteca General de aquella Universidad. Pero esta pérdida, es especialmente dolorosa para los investigadores y bibliógrafos españoles a quienes ha dado el espléndido regalo de la obra más importante sobre imprenta en nuestro país, de las muchas que se han publicado en lo que va de siglo. En ella describe con precisión de datos y de manera insuperable, el conjunto de libros publicados en España y Portugal en los 20 primeros años del siglo XVI, etapa muy abundante en acontecimientos históricos y literarios que quedan reflejados en unos 1.500 libros que constituyen una de las riquezas más notables del tesoro bibliográfico de España y etapa mucho menos estudiada y catalogada que la de los incunables del período anterior (1472-1500), sobre los que tanto Haebler como otros muchos [han escrito en] abundancia. Viajero infatigable por España desde sus años mozos, tuve el placer de conocerle, a mediados de 1958, en la célebre tertulia del Café Lyon madrileño, formada por eruditos españoles e hispanistas extranjeros, que aglutinaba el excelente bibliógrafo y catedrático Antonio Rodríguez-Moñino. Inmediatamente me percaté de la excepcional dimensión y alcance de la tarea que había emprendido Norton y procuré ayudarle en la medida de lo posible, pues yo trabajaba sobre libros litúrgicos hispanos, impresos en los siglos xv y xvi, y teníamos una parecida común (los impresos de 1501 y 1520), ayuda que fue finalmente mencionada y agradecida en sus publicaciones.

[...]

Durante un cuarto de siglo (Enero 1959 a Julio 1983), he mantenido una intensa correspondencia de más de un centenar de cartas, a veces de gran extensión, intercambiándonos muchos datos y noticias bibliográficas; el primer año escribía en inglés, pero desde Enero de 1960 lo hizo en correctísimo y castizo castellano. Después de un silencio de dos años y medio (ocasionado por un deterioro de su salud) contestó a mi felicitación de Navidad de 1985 con sus dos últimas cartas de 5-9 y 20-31 del pasado Enero y aun se refería en la segunda a una carta iniciada y que ya no llegó a poner en

el correo. Son dos cartas repletas de entusiasmo y detalles eruditos y en la primera me decía: «No puedo decirte con cuanta elevación de espíritu abrí tu carta, leí su contenido y examiné su acompañamiento bibliográfico. Me han permitido deducir que sigues con tu invencible determinación y seguro instinto de siempre la pista de Nebrija y me prueba que sigues cazando Nortoniana con el éxito de siempre». Y, después de explicar su largo silencio, adelanta sus propósitos: «¿Y el porvenir?. Tengo la determinación de realizar el viaje abandonado en 1983, si lo permiten la salud y las circunstancias. Creo que me ha vuelto la salud de que gozaba antes de Agosto de 1983. Para mantenerla, hago todos los días (menos los de lluvia fuerte) un paseo de cuatro hasta ocho kilómetros, con ayuda del fiel bastón y, en estos meses, bien abrigado». A continuación anuncia su decisión de «si todo sigue bien», pedir billete para el ferry Plimouth Santander, después del 15 de abril, y con posibles paradas en Palencia, León y Orense, llegar hasta Pontevedra. Con gran alegría recibí esas noticias y en mi contestación de 17 de Enero le animaba para el viaje, comunicándole que ahora (por estar yo jubilado) podía disponer de mi tiempo y ayudarle materialmente, aliviándole del manejo de su equipaje, en gran parte de su recorrido. ¡Con cuánta pena comprendo que ese viaje no se hará!

[...]

A preguntas de un periodista sobre el motivo de sus viajes a Pontevedra contestó rotundo: «Para discutir con Antonio Odriozola», pero pareciéndole que no había expresado bien su pensamiento, añadió que «para intercambiar opiniones y datos». ¡Cuántas veces ha sucedido que, por caminos y motivos totalmente distintos, ambos habíamos llegado a la misma conclusión sobre fecha y lugar de impresión de determinados libros!

[...]

En la primavera del año siguiente un grupo de destacadas personalidades, todos conocedores de él o de su obra [...] solicitamos al ministro de Educación nacional la concesión a Norton de la Gran Cruz de Alfonso x el Sabio, dependiente de dicho Ministerio. La petición, a la que se adhirió la Real Academia de la Historia, resbaló por la escasa sensibilidad cultural de dos sucesivos ministros, hasta que el actual, José Antonio Maravall, con tanta justicia como perfecto conocimiento de la gran labor de Norton, preparó el Decreto, que firmó su Majestad el Rey don Juan Carlos, en junio de 1983. En el momento actual, nos preocupa a todos la terminación del Suplemento a su Catálogo que inició Norton inmediatamente de la publicación del libro. Tengo la esperanza de que

se haya decidido que la natural destinataria de los papeles y notas del gran bibliógrafo, sea la Biblioteca de la Universidad de Cambridge y que allí estarán para que alguna persona los ordene y de a imprenta.

XXVIII


Poucos días antes de morrer, Antonio Odriozola estivo na miña casa examinando, unha vez máis, o *Proprium Missarum de Tempore*, impreso en Madrid en 1597 e que se lle resistira ao non aparecer nos repertorios de Weale e Pérez Pastor. Ao final, deixoume unha nota precisa e preciosa coa relación dos seis únicos exemplares que se conservan no mundo. Por esa especie de sentimento lúdico que temos os bibliógrafos, que nos leva a dosificar as sorpresas aos amigos, foise definitivamente sen ver as dúas obras que lle tiña preparadas: A *Biblia*, de Mareschal, de 1532, e a *Crónica del Cid*, de Francisco del Canto, impresa en Medina en 1512. Quedoume unicamente a satisfacción de recordar que nos separamos para sempre falando do que nos unía: a paixón polo libro e pola imprenta. Cando poucos meses despois a *Biblioteca Gallega* me pediu continuar e concluí este libro de *La Historia de la Imprenta en Galicia*, por el iniciada desde facía anos, o meu primeiro sentimento foi o de rexeitar a amable invitación. Non ousaba poñer as miñas mans sobre unha obra da que tanto e tantas veces me falara con ilusión. Non obstante, pensei tamén que era a mellor homenaxe que podía brindarlle e, por iso, aceitei a oferta e retomei o estudio, truncado pola morte do mestre e amigo, levándoo ata o final.

[...]

Poucos foron os seus instrumentos de traballo: Os seus lentes, a súa prodixiosa memoria visual, algúns (cremos que poucos) apoios bibliográficos, a correspondencia con eminentes bibliógrafos, como Norton, e a súa inevitable e insondable carteira de man na que nunca faltou, ao carón de xerocopias de impresións dos séculos xv ou xvi, un caderno de pastas negras, resumo das impresións destes séculos. Ás veces incluso levaba por uns días textos orixinais, extraídos pacientemente por algún arquiveiro das cubertas [guardas] dun protocolo notarial, para estudalos con parsimonia na súa Pontevedra. Con estes elementais instrumentos e coa camelia grande, esponxosa, cultivada polas súas propias mans, entraba en todas as partes e case todas as portas se abriron. Mantiña un diálogo tenso cos velllos impresos, aos que preguntaba miles de cousas

e case todos lle falaron. Case todos, porque o Breviario Auriense permaneceu sempre mudo ás súas reclamacións. Foi quizais o único que se lle resistiu. Que este libro, expresión do seu moito saber e da súa paixón pola imprenta, sirva tamén de homenaxe ao mestre e ao amigo que se nos foi para sempre.

Antonio Odriozola e Xosé R. Barreiro (1992): *Historia de la imprenta en Galicia*, A Coruña, Biblioteca Gallega.



AGARÓNE LA IMPRENTA
EN LA
IMPRENTA DE LA EXCM. DIPUTACIÓN PROVINCIAL
DE PONTEVEDRA,
EL 4 DE NOVIEMBRE DE 1982,
EN QUE LA IGLESIA CATÓLICA CELEBRA
LA FESTIVIDAD DE SAN CARLOS BORROMEO
Y FIESTA COMUNITARIA DE KAROL WÓJTYLA.
SU SANTIDAD JUAN PABLO II
LAUS DEO

XXIX

His rebus stantibus, se a edición do *Catálogo de libros litúrgicos, españoles y portugueses, impresos en los siglos XV y XVI*, Museo de Pontevedra, 1996, o *opus magnum* de Odriozola se fixo como facsímile do orixinal remitido á Fundación March, o 25 de abril de 1962, mechado con moitas adicións da súa propia letra, ¿que foi de

tantísimas notas e anotacións que o bibliógrafo achegou ata o día 7 de decembro de 1987? Moitos deses apuntamentos están na correspondencia con Norton (da que Antonio deixaba copia). Nese epistolario eruditísimo teñen que vir as novas adicións ao *Catálogo* de Odriozola.

Non teño hoxe en día noticia de que os anexos ou addenda do *Catálogo* de Norton fosen publicados pola Universidade de Cambridge, herdeira e depositaria.

Acabo de repasar todas as cartas para poder dar fe do tesouro bibliográfico que temos no Museo de Pontevedra, para que algún investigador poida preparar, de vez, o *Catálogo* de Odriozola, novamente sumado e tratado como merece.

Aínda na última carta a Norton do 17 de xaneiro do 86 —xenio e figura—, o noso grande especialista sinala aspectos importantes de discriminación e razoamento, con novas achegas.

XXX

Entre tantos amigos, Antonio tivo dous, os máis íntimos, dous republicanos: o libreiro Dámaso Carrasco e Jaime Valle-Inclán, tamén amigos meus. As miñas fillas maiores seguen a cantar moitas cancións que lles aprendeu Odriozola nos anos máis felices, en éuscaro ou nos seus castrapos, nos agostos dos setenta, ás familias Odriozola, Valle-Inclán e á miña. A maior, Iris Cochón, tivo desde entón, moi nena, a aspiración de ser —xa sabedes por que— bibliotecaria.

Teño que recordar aquela viaxe que os tres (Antonio, Xaime e mais eu) fixemos a San Fiz de Vixoi para vérmonos con Natalia Cossío, o seu fillo Manolo e a espoza deste, muller agradable e culta: unha Humbolt. Naquela casa que compartían, a medias, Natalia e os Viqueira, cuxa peripécia ten contado Valente, tan de don Alberto Jiménez Fraud («La naranja y los cosmos»). Manolo Jiménez e Xaime intimaran no exilio mexicano. Natalia era muller *de armas tomar* (vaia engudeelle contra Jiménez Landi, que debería ser da casa, a propósito da Institución, e o estudo de Cacho Viu).

Foi unha tarde e cea deliciosas co protagonismo culto, intelixente, atrabiliario, políglota, europeísta, de Natalia Cossío, ocorrente, lúcida, politicamente incorrecta.

A sensación de territorio non empetoutado, antes ben, sen fronteiras, patria posible —*nord enllú, lliure*—, fronte á nosa, tan *disortada*, para seguir coa taxonomía do grande Espriu.

Con Cunqueiro, con Odriozola, con Norton, con Xaime, con Natalia, cos outros, souben sempre que outras patrias, incluída a miña, eran posibles e face-doiras. O horizonte pode ser patria común, como a cultura ben asumida por todos nós. Non foi doada, non para nosoutros, a civilizada convivencia.

XXXI

O que tiñan en común Cunqueiro e Odriozola

Os saberes botánicos, fillos os dous de pais naturalistas que lles aprenderon a herborizar, no que isto ten de orde, clasificación (a herданza común de Linneo). De aí o estudo de cogomelos e camelias («parece que teremos que dicir *camelia* tanto para a flor como para a árbore», palabras de Álvaro que eu entendo na insistencia de Antonio que tantas veces, polo mesmo, me adoutrinou a min, que vin en don Ramón Otero, cameleiro).

A afección aos libros, novos ou vellos, sacros ou leigos, bos ou malos, e a excelencia dos mellores (libros e autores).

Mesmo a música, a Filharmonía, uníaos en gustos e rexeitamentos.

A memoria pouco menos que felicísima que ambos os dous posuían, esa potencia da alma.

A amizade sempre correspondida e celmosamente aceptada.

A admiración que os dous sentían polo labor do outro.

A posesión de linguas de fóra de noso nas que foron progresando.

A mentalidade, de fondo conservador, que alí estaba, aínda antes de posturas vanguardistas.

A visión do mundo, inequívoca, de manancial cristián, no que foron educados, por máis que veu a ser liberal e escéptica.

O entusiasmo de Odriozola pola literatura de Cunqueiro, que o levou a colecciónar calquera papel escrito polo amigo.

Temos poucas cartas, algúns recados *sine nota*, moitas visitas (de médico e outras ben demoradas), bastantes aloumiños en letra impresa asegúrannos ese afecto.

Se lles fose dado, ambos os dous celebrarían os gozos e praceres deste reino da terra, no Centenario.